

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 17 de marzo de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dezasete de marzo do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asisten os deputados *D. Carlos López Font* e *D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo*, nin a deputada *Dna. María Ortega Iñarrea*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32438.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2023.

2.32439.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO (Expte.2023013485)

A Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Pontevedra* comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e o desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

No exercicio das súas atribucións, o Concello de Pontevedra e a Deputación queren impulsar a mellora das infraestruturas deportivas municipais co fin de fomentar a práctica de actividades físicas e deportivas. Á vista da carencia de campos de fútbol coas características das instalacións deportivas máis modernas, ambas institucións promoven un convenio de colaboración para a instalación dun novo campo de fútbol na parroquia de Salcedo.



En relación con esta instalación, a Deputación e o Concello asinaron o 18/11/2015 un protocolo de colaboración, coa finalidade de afondar na planificación e execución dos proxectos sobre infraestruturas deportivas coa finalidade de realizar diversas accións que mellorasen os servizos á cidadanía. Neste protocolo xa se prevía como unha das actuacións a desenvolver a construción dun novo campo de fútbol en Salcedo, que despois se materializou coa sinatura o día 10/12/2020 dun convenio de colaboración entre ambas institucións, comprometéndose a Deputación de Pontevedra a achegar ao Concello unha subvención por importe de 1.621.644,44 euros para a construción do dito campo de fútbol (Expte. 2020049220).

En cumprimento deste convenio, o Concello formalizou o correspondente contrato administrativo para a execución das obras do campo de fútbol, pero debido a determinadas incidencias, como foron a necesidade de reforzar o transformador eléctrico existente así como a quebra da entidade adxudicataria, o Concello acordou proceder á resolución por mutuo acordo do contrato administrativo das obras. Como consecuencia, e despois de terse reunido a Comisión de Seguimento do convenio na data 10/02/2023, acordouse resolver tamén o dito convenio.

Posteriormente, na data 24/02/2023 o *Concello de Pontevedra* presentou no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2023011455), emendada nas datas 14/03/2023 e 15/03/2023 (núms. Rexistro WEB2023016486 e WEB2023016924), a solicitude e demais documentación necesaria para a formalización dun novo convenio de colaboración para a execución das obras do novo campo de fútbol da parroquia de Salcedo, cun orzamento de 1.978.084,54 euros, IVE engadido, e que segundo o previsto na proposta de convenio financiarase integramente pola Deputación no exercicio 2023.

Revisada polo Servizo de Cooperación a documentación achegada, esta cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.

Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta:

- a providencia de inicio de expediente de 03/03/2023 (CSV: HKNS07ON1EZ1PPHW)
- o informe de supervisión favorable do proxecto técnico das obras emitido polo facultativo técnico do Servizo de Cooperación o 02/03/2023 (CSV: N5WQ2DWEGDVATVYO)
- a proposta do texto do convenio (CSV: NEG7NV6EIZVEUPFS)
- o informe da xefa do Servizo de Cooperación sobre o interese público da actuación de 15/03/2023 (CSV: SYM9K8N08FOZKN90)
- o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 15/03/2023 (CSV: 2T622DKRWSW8GFGZ)

FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia (LDG).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016 (OXS).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou dítames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

PROCEDENCIA DO CONVENIO:

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.



- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

COMPETENCIA DAS ADMINISTRACIÓNS:

- Artigo 25.2.l) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.n) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia na promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- Artigo 8 da LDG, que establece como competencia dos concellos, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 7 da LDG, que lle atribúe ás Deputacións no seu ámbito territorial competencias de asistencia e colaboración cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e no deseño e construción de instalacións deportivas de titularidade municipal.



COMPETENCIA PARA RESOLVER:

- Artigo 8.2 da OXS, que en virtude do establecido na base 16.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade co disposto nos artigos 35 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS:

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación, a Deputación e o Concello de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito, para desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a execución do novo campo de fútbol de Salcedo, e o financiamento e execución das obras necesarias para a súa posta en funcionamento.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O *Concello de Pontevedra* presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a tramitación do dito convenio de colaboración entre ambas administracións.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a urxencia na tramitación, co fin de que poida procederse o máis axiña posible á sinatura do convenio ao ser imprescindible para aprobar o expediente de contratación que xa está iniciado, xa que a dita sinatura suporá un compromiso firme da achega económica para poder xerar o gasto necesario para acometer as obras, dándose conta do acordo adoptado á Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social na súa primeira sesión.
- Aprobar o *Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras do novo campo de fútbol da parroquia de Salcedo*.
O texto do convenio figura co CSV: NEG7NV6EIZVEUPFS.
A sinatura do dito convenio condiciónase á aprobación previa deste polo órgano competente *do Concello de Pontevedra*.
- Facultar á presidenta para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.



3.32440.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE SALCEDO (Expte. 2020049220)

Na data 14/08/2020 o *Concello de Pontevedra* presentou no Rexistro da Deputación Provincial a correspondente solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do *Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución do campo de fútbol de Salcedo*, cun orzamento de 1.621.644,44 euros, IVE engadido, a financiar integramente pola Deputación no exercicio 2020 (aplicación orzamentaria 2020/942.9420.762.14).

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do 27/11/2020, mediante o acordo núm. 3.29606, aprobou o dito convenio.

O 10/12/2020 procedeuse á sinatura do convenio entre ambas administracións.

O 07/02/2023 o Concello de Pontevedra presentou no Rexistro de Deputación (núm. Rexistro WEB2023006803) un escrito solicitando a reunión da Comisión de Seguimento do convenio, segundo o procedemento establecido na cláusula 8ª do convenio.

Na data 10/02/2023 a Comisión de Seguimento acordou resolver o dito convenio, recolléndose na acta o seguinte:

“(...) O Concello de Pontevedra presenta certificación do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de data 06/02/2023 no que se acorda proceder á resolución por mutuo acordo do contrato administrativo de obras “CAMPO DE FÚTBOL DE SALCEDO”, por un importe de 1.488.179,00€, IVE incluído, formalizado con data 02/11/2021 entre o Concello de Pontevedra e a UTE CAMPO DE FÚTBOL EN SALCEDO.

Neste convenio préviase o compromiso da Deputación de Pontevedra de achegar ao Concello unha subvención por importe de 1.621.644,44€ para a construción do Campo, importe que se correspondía co total do orzamento base de licitación do proxecto de execución das obras da infraestrutura deportiva prevista.

Deste xeito, o Concello de Pontevedra tramitou o expediente para a contratación das obras (expediente coa referencia interna 2019/ABSIOBRAS/000014), resultando adjudicataria das obras a empresa UTE GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICO S.L.-EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., por un importe, co IVE Incluído de 1.488.179,00€, entidade coa que se formalizou o contrato o 02/11/2021.

Segundo consta no expediente de contratación, o día 30/11/2021, asinouse por parte do técnico municipal director da obra e polo representante da entidade adjudicataria unha acta de comprobación do replanteo negativa, na que se conviu “(...) pospoñer o inicio das obras ata que estea realizado por parte da compañía UFD Distribución Electricidad S.A. o necesario reforzo do transformador eléctrico aéreo existente no lugar de Armada, en Salcedo e o tendido aéreo eléctrico correspondente ata o límite da parcela para poder dispoñer de electricidade para a execución do campo.”



En relación co anterior, en data 17/11/2022, emitiuse informe polo Director da Obra no que se propón a resolución do contrato de mutuo acordo consonte dispón o artigo 211.1 c) da lei de Contratos do Sector Público e no que como xustificación para acudir a esta causa de resolución literalmente se indica:

“O proxecto obxecto de execución contempla a realización dun novo campo de fútbol de herba artificial e edificacións para vestiarios, aseos, cantina, graderío, enfermería e almacéns así como unha edificación complementaria para almacén de bicicletas e aula da natureza. Asemade urbanízase o entorno próximo e xéranse zonas cubertas que protexan o acceso ao graderío e produzan zonas de sombra e resguardo. O presuposto do proxecto co IVE é de 1.621.664,44€. Tamén inclúe a realización dunhas melloras cuxo importe de execución material está cifrado en 114.215,44€.

O contrato administrativo foi adxudicado á UTE GALITEC – EULOGIO VIÑAL o 24-8-21 cunha baixa do 8,23% e formalizado o 2-11-21. O día 30 dese mesmo mes foi asinada unha acta de comprobación do replanteo negativa. Nesa acta o Concello de Pontevedra e a UTE conviron pospoñer o inicio das obras ata que se dispuxera de subministro de enerxía eléctrica xunto ao campo de fútbol a realizar.

Atopándose o problema de subministro eléctrico en vías de solución, a OTMAIES púxose en contacto coa UTE. Concretamente o 23-9-22 falouse telefonicamente con persoal de Galitec, quen informou que a empresa estaba en concurso de acredores. Falouse tamén con EULOGIO VIÑAL e concretouse unha primeira xuntanza na que estiveron presentes representantes da empresa e por parte do Concello a concelleira Anabel Gulías e os enxeñeiros Jesús Gómez e Miguel Aparicio o 28-10-22.

Neste primeiro encontro tratouse a posibilidade de acometer as obras e EULOGIO VIÑAL quedou en facer a súa proposta coa que podería asumir a execución das mesmas, tendo en conta a paralización sufrida da obra antes de ser comezada, e a importante suba dos prezos no sector da construción durante dita paralización.

Presentou a súa proposta noutra xuntanza celebrada o 8-11-22, cos mesmos comparecentes; dita proposta supoñía un incremento que supera o 30% do importe de adxudicación.

Tralo análise de dita proposta por parte de OTMAIES considérase que non hai posibilidade de ser asumida polo Concello, có contrato en curso. Dado que o importante atraso que se está a sufrir no comezo das obras non é imputable ao adxudicatario, ambas partes, Concello de Pontevedra e a empresa EULOGIO VIÑAL convén, polo interese público, a resolución do contrato de mutuo acordo consonte dispón o artigo 211.1c) da lei de Contratos do Sector Público”.

Polo exposto, a Comisión de Seguimento propón resolver o presente convenio e tramitar un novo convenio incrementando a cantidade subvencionada debido á subida de prezos, pois a pesar das anteriores circunstancias, o Concello de Pontevedra considera que continúan vixentes as finalidades, necesidades e obxectivos plasmados tanto no Protocolo de colaboración asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra o 18/11/2015 como no Convenio subscrito o 10/12/2020 para a construción da devandita infraestrutura deportiva na parroquia de Salcedo.”

A xefa do Servizo de Cooperación emitiu un informe-proposta favorable o 13/03/2023 (CSV: BP3KQ09AFGEW0NUI) e a Intervención provincial emitiu o 14/03/2023 a dilixencia de conformidade respecto do dito informe-proposta (CSV: JFH2HVE5P57AGS90).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016 (OXS).
- Convenio de colaboración entre o *Concello de Pontevedra* e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución do campo de fútbol de Salcedo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

PROCEDENCIA DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO:

- Artigos 51 e 52 da LRXSP, relativo á extinción dos convenios e aos efectos da resolución dos convenios.
- Cláusula 10ª do convenio, que recolle entre as causas de resolución dos convenios o acordo unánime dos asinantes



COMPETENCIA PARA RESOLVER:

- Artigo 8.2 da OXS, que en virtude do establecido na base 16.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade co disposto nos artigos 35 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS:

Na data 10/02/2023 a Comisión de Seguimento do *Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución do campo de fútbol de Salcedo* acordou unanimemente resolver o dito convenio asinado o 10/12/2020, de conformidade co establecido no artigo 51 da LRXSP e a cláusula 10ª do convenio.

Segundo o artigo 52 da LRXSP a resolución dos convenios dará lugar á liquidación dos mesmos. Neste caso as obras do investimento non comezaron e non se realizou ningún pagamento ao Concello de Pontevedra por parte da Deputación.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a resolución do dito convenio de colaboración entre ambas administracións.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Resolver e dar por extinguido o *Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución do campo de fútbol de Salcedo*.
- Deixar en dispoñible crédito por importe de 1.621.644,44 euros.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.32441.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS IVBU 179, IVBU 182, IVBU 183 E IVBU 184 EN MEIRO”. - ANUALIDADE 2023 (Expte.2023006286)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do



Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

- En data 31/01/2023 por rexistro WEB2023004939, emendado en datas posteriores, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Bueu* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 66.496,81 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de pavimentación dos camiños IVBU 179, IVBU 182, IVBU 183 E IVBU 184 en Meiro*”, cun orzamento que importa 66.496,81 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2023	66.496,81	66.496,81	0,00	0,00
TOTAL	66.496,81	66.496,81	0,00	0,00

- Consta no expediente certificado relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, ademais da comunicación previa presentada ante Augas de Galicia, precisa da autorización sectorial da Deputación de Pontevedra, do Instituto do Estudio do Territorio da Xunta de Galicia (IET) e da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional, aportando ao efecto as súas solicitudes, por non dispor das mesmas no momento de presentar a solicitude da subvención.
- O concello non aporta o decreto de aprobación do proxecto presentado por non contar coas autorizacións indicadas, debendo o concello realizar a súa aportación (autorizacións sectoriais e aprobación do proxecto) xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, conforme ao establecido na base 12ª do Plan Concellos 2022-2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.



- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do



importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.

- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 10/03/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 13/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Buen*, CIF: P3600400J a cantidade de 66.496,81 euros con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de pavimentación dos camiños IVBU 179, IVBU 182, IVBU 183 E IVBU 184 en Meiro*” (Expte.2023006286) cun orzamento que importa 66.496,81 €, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2023	66.496,81	66.496,81	0,00	0,00
TOTAL	66.496,81	66.496,81	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, do Instituto do Estudio do Territorio da Xunta de Galicia (IET) e da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional, por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, así coma a aportación da resolución ou o acordo de aprobación do proxecto presentado, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Buen*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.32442.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DE ESCENARIO E REFORMA DE PLATEA DO AUDITORIO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS” (Expte. 2023006749)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas



débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 01/02/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Salceda de Caselas* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 79.335,17 euros, con destino ao financiamento “*Ampliación de escenario e reforma de platea do auditorio municipal de Salceda de Caselas*”, cun orzamento por importe de 79.335,17 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	79.335,17	79.335,17	0,00	0,00
TOTAL	79.335,17	79.335,17	0,00	0,00



O orzamento contempla os honorarios técnicos de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 9.075,00 euros.

- Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe técnico urbanismo, número 2023-0028 de data 01/02/2023, no que se infire que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial, segundo queda reflexado no informe relativo a normativa sectorial que se recolle no proxecto de execución da obra.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 20/02/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
Responsable do contrato: á Ana María Soto Prieto, Xefa de Xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

11.32448.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 1306 PORTELA-ERMELO, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 3+973 (BUEU), FASE I (P.Q. 1+100 A P.Q. 3+973)” (Expte. 2018052691) (Devogarán 2022029521)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 26 de abril de 2019 (CSV.-6907ZTBVRNFWU1IV), adxudicouse o contrato relativo a “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 1306 Portela-Ermelo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+973 (Buen), fase I*” (Expte. 2018052691).

Para responder da realización deste contrato, a empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (CIF.-A-36008886), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 9.327,12 euros segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900067950, de data 15/04/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal informa que procede a a liquidación da obra sen variación económica e a devolución da garantía depositada ao non existir obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 1306 Portela-Ermelo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+973 (Buen), fase I*” (Núm. Expte. 2018052691), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CESCE, por importe de 9.327,12 euros, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 15/04/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900067950.

12.32449.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO NÚM. 4.31736 DE DATA 20 DE MAIO DE 2022 E AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE AGOLADA RELATIVO AO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE FORMIGÓN”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023- ANUALIDADE 2022, LIÑA 1- (Expte.2022011589)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- En data 20/05/2022, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 4.31736, concedeuse ao Concello de Agolada, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 70.000,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños de titularidade municipal con firme de formigón*”, cun orzamento polo mesmo importe de 70.000,00 euros (formigón).
- O Concello indica que se trata dunha obra executada polo procedemento de Administración, sendo a subvención solicitada de 70.000,00 euros destinada a financiar o subministro de formigón preciso na súa execución para as aldeas de Ramil, Outeiro de Ramil, Basadre, Val de Sangorza, Sexo e Brocos. Débese ter en conta que o orzamento total da obra ascende a 121.642,08 euros tal é como indica o concello.



- En data 27/01/2023 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2023004227, instancia do *Concello de Agolada* na que manifesta a necesidade de que sexa autorizado un modificado do proxecto debido a que, tal e como indica o técnico municipal, unha vez iniciada a execución da obra, houbo que escavar e anchar mais do calculado no proxecto orixinal nas aldeas de Ramil, Outeiro de Ramil, Val de Sangorza, Sexo e Brocos. O formigón calculado inicialmente aplicouse todo nas aldeas indicadas polo que non foi posible executar a actuación na aldea de Basadre.
- Neste contexto, o concello achega o proxecto modificado aprobado polo mesmo importe inicial de 121.642,08 euros. Este proxecto está adaptado a nova situación plantexada polo concello, non supón ningún incremento no importe inicial do orzamento do material de 70.000,00 euros (subministro formigón) e tampouco se alterar o importe da subvención inicialmente concedida que importa 70.000,00 euros.
- Chegados a este punto é vendo que a concesión inicial da subvención que importa 70.000,00 euros, se fixo sobre o orzamento dos materiais de 70.000,00 euros, é preciso aclarar que:
 - ✓ se trata dunha obra executada por Administración,
 - ✓ que o orzamento total da obra é de 121.642,08 euros,
 - ✓ que o orzamento dos materiais precisos (formigón) é de 70.000,00 euros
 - ✓ que o Concello solicita unha subvención de 70.000,00 euros para financiar o material (formigón) preciso para executar a obra
- O concello solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento poida ser executado nos termos establecidos polo concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Base 20ª do Plan Concellos 2022-2023 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e pola Deputación. Non obstante, só se admitirán a trámite modificados que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.



- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE excluído.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 17/02/2023, da Xefa do Servizo de Cooperación de data 08/03/2023 e do informe favorable da Intervención Provincial de data 09/03/2023, que conclúen favorablemente a modificación do acordo de concesión e a autorización do proxecto modificado, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO: Modificar o acordo de Xunta de Goberno núm. 4.31736, de data 20 de maio de 2022, no sentido de corrixir o importe do seu orzamento, debendo figurar 121.642,08 euros, sen modificar a subvención de 70.000,00 euros (subministro formigón)
- SEGUNDO: Autorizar o proxecto modificado aportado polo concello de Agolada en data 27/01/2023 con rexistro WEB2023004227 do investimento executado por Administración denominado “*Mellora de camiños de titularidade municipal con firme de formigón*” (Expte. 2022011589), do *Concello de Agolada* cun orzamento total de obra de 121.642,08 euros, sen alterar o importe da subvención inicialmente concedido de 70.000,00 euros (subministro formigón).
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Agolada*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.32450.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO NA SESIÓN DE 10/02/2023 DE APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DE MEIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP – 8004 CALDAS –VILANOVIÑA, DO P.K. 7+650 AO P.K. 8+050”. (Expte. 2022071451)

Resultando que se constatou que a redacción da cláusula quinta do Convenio de Colaboración *co Concello de Meis*, referenciado no asunto e aprobado pola Xunta de Goberno en sesión de 10/02/2023, non se corresponde coa derradeira versión do texto do convenio (CSV: ISSCLK1RAG4WG180) recibida polo Concello en data 27/12/2022 e aprobada por Decreto da Alcaldía de 28/12/2022, por supresión nesta do punto 3) da cláusula quinta recollido na anterior versión, CSV :ZZ0D4M49IN3NYJOS remitida ao Concello o 7/12/2022.



Resultando que o *Concello de Meis* presentou o 1 de marzo de 2023 un certificado da secretaria-interventora acreditando que o texto aprobado polo Concello, Decreto de 28 de decembro de 2022 e número 2022-0710, foi o recibido o 27/12/2022 con CSV: ISSCLK1RAG4WG180.

Considerando que o artigo 109.2. da Lei 39/2015 establece que as administracións públicas poderán, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando que a rectificación non altera o contido do convenio afectando exclusivamente ao acordo plenario posterior de transferencia do treito antigo do vial - 334 m da E.P. 8004 Caldas – Vilanoviña a partir do PK 8+000 marxe esquerda.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Rectificar o acordo adoptado en sesión de 10/02/2023 e aprobar o antedito convenio coa seguinte redacción:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE MEIS PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8004 CALDAS – VILANOVIÑA, DO PQ. 7+650 AO PQ. 8+050”

INTERVEÑEN

María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Marta Giráldez Barral, alcaldesa do Concello de Meis, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións establecidas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 8004 Caldas – Vilanoviña, que transcorre polo Concello de Meis.*

VI.- *Actualmente o treito da estrada obxecto da actuación presenta problemas de seguridade viaria e mobilidade peonil debido á falta de sendas ou beirarrúas para a circulación peonil e dos colectivos máis vulnerables, que prexudican as condicións de mobilidade dos mesmos. Cabe salientar ademais que no ámbito da obra atópanse numerosas vivendas e servizos ao longo da estrada polo que se estima unha intensidade de circulación de peóns significativa. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP – 8004 CALDAS – VILANOVIÑA, DO P.Q. 7+650 AO P.Q. 8+050.CONCELLO DE MEIS”.*

A actuación consiste nunha mellora da mobilidade peonil no treito da estrada, creando un itinerario peonil mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado, de ancho mínimo 2,50 metros e ao mesmo nivel da calzada, na marxe esquerda da estrada provincial EP-8004 (Paradela), entre os PP.QQ. 7+650 e 8+050. Contémplase ademais das obras de pavimentación da senda, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais. Disporanse ademais elementos de alumeadado público e inclúese a maiores a renovación da sinalización no treito de actuación.

VII.- *Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:*



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meis para a execución do proxecto de obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP – 8004 CALDAS –VILANOVIÑA, DO P.Q. 7+650 AO P.Q. 8+050.CONCELLO DE MEIS.

O obxecto principal do proxecto consiste na mellora da mobilidade peonil no treito da estrada, creando un itinerario peonil mediante a construción dunha senda peonil, de ancho mínimo 2,50 metros na marxe esquerda da estrada provincial EP-8004, entre os PP.QQ. 7+650 e 8+050. Contémplase ademais das obras de pavimentación da senda, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais. Disporanse ademais elementos de alumeado público e inclúese a maiores a renovación da sinalización no treito de actuación.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a cento sesenta e catro mil novecentos vinte euros con quince céntimos (164.920,15 €), máis trinta e catro mil seiscientos trinta e tres euros con vinte e tres céntimos (34.633,23 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de cento noventa e nove mil cincocentos cincuenta e tres euros con trinta e oito céntimos (199.553,38 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Meis mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	159.642,70 €	80
Concello de Meis	39.910,68 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	199.553,38 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2023.

A achega do Concello de Meis será de 39.910,68 € (20%) do importe das obras, pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, financiarase con cargo a subvención do Plan Concellos 2023. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Meis.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Meis obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fai referencia o apartado 2.*
- 4) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP – 8004 CALDAS –VILANOVIÑA, DO P.Q. 7+650 AO P.Q. 8+050.CONCELLO DE MEIS”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento.*



Sétima.- Compensación de débedas.

O Concello de Meis faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.

Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.

En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2024.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía das obras. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.
- E demais normativa de obrigado cumprimento

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.



E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego,*

*Polo Concello de Meis,
Marta Giráldez Barral,*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar á presidenta para formalizar o convenio, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao *Concello de Meis* e comunicarllo á Intervención Xeral, aos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e ao de Cooperación cos Concellos.

Cuarto.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

14.32451.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO”. (Expte. 2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuación derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuación atópase a derivada do traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro (proxecto elaborado por PROYFE S.L., co CSV OEBZS8YTU4ZIS5ND), cun prazo de execución de oito (8) meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 31 de xaneiro de 2022 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o 30/09/2022; prazo ampliado posteriormente ata o 28 de febreiro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno de data 16 de setembro de 2022 (acordo nº 10.32104).



Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o 13.01.2023, acordou aprobar o proxecto modificado da obra “*Traslado do Parque de Maquinaria ao Polígono de Barro*”, por importe de 2.745.532,96 euros e conceder unha prórroga de UN (1) MES na execución do citado proxecto, establecendo como data para finalizar a obra o 28 de marzo de 2023 (acordo nº 18.32461).

Resultando.- Que o 10.03.2023 (registro web2023015726) tivo entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra escrito da empresa TRAGSA a través do cal solicita a ampliación do prazo de execución do citado proxecto por un período de DOUS (2) MESES, xa que logo “[...] *desde o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) esíxese a adopción de novas medidas de protección colectiva para os futuros traballos de mantemento de todas as cubertas, así como o aseguramento dos noiros perimetrais da parcela para minimizar calquera posible risco antes de continuar cos traballos nas construcións perimetrais, os muros, marquesiñas e nave-almacén, situadas na parte inferior das ladeiras.*

Para todas estas actuacións faise necesaria a subcontratación de empresas especializadas na materia e dos correspondentes medios auxiliares, circunstancias que influirán no normal desenvolvemento dos traballos e repercutirán de xeito negativo nos rendementos previstos da obra.

Isto trae como consecuencia a necesidade de realizar novas actuacións, antes de continuar coa finalización dos traballos de execución das partidas restantes, o que supón unha inevitable ralentización do programa das obras e a imposibilidade de rematalas dentro do prazo actualmente fixado por causas alleas á empresa TRAGSA [...]”, sendo a nova data de finalización o 28.05.2023.

Resultando.- Que con data 14/03/2023 emitiu informe a dirección facultativa recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa e que as características técnicas das obras non se verán afectadas por esta ampliación, entendendo xustificada a concesión da prórroga do prazo de execución ata o 28 de maio de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario Xeral e do Interventor, informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, de 15 de febreiro.

Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.



Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolverse sobre ela.

Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do proxecto de traslado do Parque de Maquinaria ao Polígono de Barro, establecendo como data para finalizar a obra o 28 de maio de 2023.

15.32452.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DE OBRAS “RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 1+200 E 1+780 DA E.P.-1104, MOAÑA-COIRO (MOAÑA)”. (Expte.2020020320)

A Xunta de Goberno de data 9 de abril de 2021, adxudicou a obra “*Recuperación do espazo público e mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 1+200 e 1+780 da EP-1104 Moaña – Coiro (Moaña)*” á empresa OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. polo importe 585.396 euros IVE incluído.

Con data 5 de maio de 2022 a empresa OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. presenta por rexistro (WEB2022028617) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato.



Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestrutura emítese informe, con data 23 de xaneiro de 2023 (CSV: 5CBRP8LZVU4LQN39) no que se sinala que:

- *“Trátase dun contrato que foi formalizado o día 14/04/2021 logo de que o día 26/01/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº 154. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo do análise das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 141, non coincidente neste caso coa proposta na solicitude, é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais indicados, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, utilizando a fórmula 154. Unha vez revisada a xustificación do solicitante, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 141 cumprese dito requisito, obtendo un incremento do 6,78%.*
- *O solicitante aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar, resultando 65.897,57 € (con IVE). Unha vez revisada a xustificación do solicitante, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que se está a aplicar a fórmula (nº 154) inadecuada. Xúntanse os cálculos xustificativos corrixidos usando a fórmula nº 141 determinando que a revisión de prezos que procedería no seu caso é de 44.949,76 € con IVE.*
- *O acta de recepción das obras formalizouse o día 06/05/2022. Foi aprobada a certificación final das obras o día 21/06/2022, polo que en consecuencia, este día determina a finalización do contrato de obras ós efectos do cumprimento do prazo sinalado no art. 9.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, prazo que se cumpre dado que a solicitude de revisión de prezos foi realizada o día 05/05/2022.”*

Con data 06/03/2023 a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2020 e 23/456.4530.612.02 polos importes de 26.104,03 euros e 18.845,73 euros, respectivamente (Documento RC nº. 202300006768 e nº 202300049591).



Trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 06/03/2023, informa favorablemente a proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos polo importe de 44.949,76 euros coas seguintes observacións:

“Corresponde ao órgano de contratación ditalar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante.

A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.

A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custes dos materiais neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.

As obras obxecto do contrato executáronse mediante convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Moaña, con financiamento de ambas entidades e do IDAE mediante axuda concedida no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. Convén ter en conta que, no caso de que o gasto relativo á revisión excepcional de prezos non sexa considerado polo IDAE como custe elixible do investimento subvencionado, este deberá ser financiado pola Deputación e o Concello de conformidade cos coeficientes de financiación dispostos na cláusula terceira do convenio (70% Deputación e 30% Concello), polo que deberá repercutirse ao Concello polo importe que corresponda”

Con data 14/03/2023 Secretaría Xeral presta “conformidade á proposta de revisión excepcional de prezos tendo en conta as circunstancias que concorren no presente contrato e a existencia do informe da persoa responsable do mesmo”.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.



Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do “*Recuperación do espazo público e mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 1+200 e 1+780 da EP-1104 Moaña – Coiro (Moaña)*”, adxudicado á empresa OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B36494185), aplicando a fórmula nº 141 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 44.949,76 euros, IVE incluído. O pago quedará condicionado a achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestímulo dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.

2.-Autorizar o gasto, recoñecemento da obriga e o pago da revisión excepcional de prezos a favor da empresa OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B36494185) por importe 44.949,76 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/456.4530.612.02.2020 e 23/456.4530.612.02 (importes de 26.104,03 euros e 18.845,73 euros, respectivamente)

16.32453.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “GASTOS CORRENTES DO CONCELLO” (Expte.2023006135) (Cooperación)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra



(BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.

- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
